

## MANIFESTO

### ***ATA CANDO VAI DURAR ESTE ETERNO LOITO?***

Nós, alumnos e alumnas de 1º BACH A e E de Oratoria, preocupados pola persistencia dos conflitos e a proliferación da violencia en toda a súa extensión, verdadeiros azoutes da humanidade;

Preocupados pola extensión da intolerancia cara ás persoas, con condutas de discriminación, odio e violencia que danan a dignidade, liberdade e igualdade de dereitos de todos os seres humanos e impiden unha convivencia en tolerancia, respecto e concordia ,

- CONDENAMOS todo menosprezo cara á figura da muller, especialmente no mundo laboral, onde as mulleres seguen sendo cidadás de segunda clase. Homes e mulleres somos importantes para o mundo, recollendo as palabras de Karl Marx: "*Calquera que saiba un pouco de historia sabe que o progreso sería imposible sen a figura feminina*".
- CONDENAMOS o asasinato de mulleres e filllos durante este ano, vítimas da violencia doméstica; tamén nos indignamos con aquelas condutas neutras, pasivas, que miran para o outro lado sen denunciar e berrar moi alto: Por que? Abonda xa! Unha sociedade que cale, é unha sociedade morta, porque como dixo Martin Luther King: "*O final da vida prodúcese cando gardamos silencio ante as cousas que importan*".
- CONDENAMOS a falta de respecto á vida no ámbito familiar, sendo xa un acto execrable a morte de nenos inocentes, que sufren día a día abusos e abandonos, cando deberían gozar desa etapa vital tan máxica como é a nenez, chea de curiosidade, amor e aprendizaxe, para facer adultos equilibrados, estables, tal e como declarou Rainer María Rilke: "*A verdadeira patria do home é a infancia*".
- CONDENAMOS a falta de previsión por parte da sociedade ante este desastre. Debemos de espertar as nosas conciencias ante asinxustizas e o sufrimento. Que é o que segue fallando para que o número de vítimas continúe aumentando cada ano? A violencia non se pode xustificar nin tolerar. Cando unha muller é maltratada, a ferida é de toda a sociedade. Algo estamos facendo mal neste mundo, cada vez máis violento, cando non somos capaces de resolver os conflitos coa palabra. Como dixo William Golding: "*Hai que reivindicar o valor da*

*palabra, poderosa ferramenta que pode cambiar o noso mundo”.*

- CONDENAMOS o mal uso da palabra AMOR. O seu significado é “*sentimento de profundo afecto cara alguén*”. Porén, dano, insulto, humillación,.... disfrázanse dun amor enfermizo, que nada ten que ver coa positividade daquel concepto. Como di a canción de Bebe “*non se dana a quen se quere*”. Moitas mulleres se ven sometidas e atadas ao sufrimento, á dor e mesmo á morte, polo medo a que rebelarse lles produza máis dor. Pero como dixo Malala Yousafzai: “*Tiñamos dúas opcións: estar caladas e morrer ou falar e morrer. Decidimos falar*”.

Aquí queremos deixar chantadas as fermosas verbas de respecto, tolerancia, diálogo, cariño, admiración, harmonía e entendemento en todos os niveis da sociedade e entre os homes e as mulleres, que favorezan a paz e a non violencia.

En consecuencia, todos temos unha importante responsabilidade e compromiso de impulsar unha pose permanente de convivencia e tolerancia e, de igual maneira, reivindicar o papel informativo e educativo dos medios de difusión, e en todos os niveis educativos, co fin de promover esta cultura do respecto. E, por suposto, a responsabilidade de todo goberno, cuxa función primordial é a promoción e fortalecemento da cultura da convivencia e da paz.

Finalmente, desexamos mudar a pregunta retórica do título deste manifesto nunha proclama totalmente imperativa:

### **REMATEMOS XA ESTE ETERNO LOITO!!!!!!!**

*A Coruña, 25 de novembro de 2019*

*Asdo: Alumnado de 1º BACH A e E do IES P. Eusebio da Guarda*

*Alberto Bolaños Tedín, Luis Estévez Martínez, Ainhoa Expósito Albores, Ana Fernández Costa, Noé Fernández Mosquera, Patricia Fernández Pazos, Javier Daniel Franco Orol, Manuel Esteban Gil Hauradou. Laura Cristina Herrero Aradas, Patricia López Pacheco, Candela Martínez Ramos, Ana Riguera Blanchot, Manuel Rioboo Otero, Marina San Miguel Teijo, Itziar Sánchez Fernández , Andrea Segade Acevedo, Laura Valles Barbeito, María Vázquez Arjomil e Lucía Viader Pérez.*